

RESOLUCIÓN. Aprobación inicio expediente para a adxudicación da explotación do xantar popular nas festas de Santa Marta.

Exp. 897/2024. Visto que o Concello de Cabanas está a organizar os actos para a celebración das festas de Santa Marta, a desenvolver os días 2, 3 e 4 de agosto de 2024, nas inmediacións do Paseo da Madalena.

Visto que como en edicións anteriores celebrárase un xantar popular, previsto para o día 4 de agosto de 2024.

Con motivo de promover a transparencia e concorrencia pública na adxudicación da explotación do xantar popular, procedeuse á redacción duns pregos de cláusulas administrativas que rexerán o proceso de adxudicación, sendo os que a continuación se relacionan:

“PREGO DE CONDICIÓNNS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO XANTAR POPULAR DAS FESTAS DE SANTA MARTA

1.- Obxecto da adxudicación

É obxecto da adxudicación do presente contrato a explotación do xantar popular das festas de Santa Marta, que terá lugar o día 4 de agosto de 2024.

2.- Duración da adxudicación

O xantar popular desenvolverase nas inmediacións do Piñeirál da Madalena, baixo unha carpa que instalará o Concello de Cabanas.

3.- Capacidade para participar

Poderán optar á adxudicación do presente contrato todas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, ou se atopen debidamente clasificadas.

As persoas xurídicas só poderán se adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Os contratistas deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

4.- Presentación de proposicións

As proposicións presentaranse necesariamente no Rexistro do Concello de Cabanas, ata as 12:00 horas do día 22 de xullo de 2024.



Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas no prego que rexe o contrato, sen condición ou reserva algunha.

5.- Forma e contido das proposicións

As proposicións por parte dos licitadores presentarase nun Sobre Único, no que se incluírá a declaración responsable e oferta económica conforme ao modelo establecido no Anexo I do presente Prego.

A cantidade mínima a poxar fíxase na cantidade de **TRESCENTOS EUROS (300,00 €), PODENDO SER MELLORADA Á ALZA.**

6. Cualificación da documentación presentada, valoración e apertura de proposicións

A apertura dos sobres realizarase pola Unidade de Asistencia Técnica, que efectuará proposta de adxudicación a favor do licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpra o resto dos requisitos do presente prego.

No caso de empate na oferta economicamente máis vantaxosa procederase ao sorteo das mesmas.

A proposta de adxudicación do contrato non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, fronte a esta Administración, mentres non se formalizou o contrato.

De conformidade co disposto no artigo 152 da LCSP, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou a desistencia do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.

7.- Adxudicación do contrato

A adxudicación do contrato corresponde ao órgano de contratación que, neste caso, é o Alcalde.

A adxudicación do contrato levará a cabo atendendo ao criterio de adxudicación PREZO Á alza, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 146 LCSP. Neste contrato non se prevén criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

O órgano de contratación procederá a requirir á empresa adxudicataria, mediante notificación electrónica, a acreditación de estar ao corrente do cumprimento das



obligacións tributarias e coa Seguridade Social, no prazo de 3 días hábiles. O adxudicatario depositará nos tres días hábiles seguintes á adxudicación o 50% do importe total mediante ingreso á conta que mantén este Concello coa entidade Abanca.

O seguinte pago realizarase unha vez rematadas as festas de Santa Marta, antes do día 9 de agosto de 2024.

En caso de non facer o mencionado ingreso no prazo imposto no punto anterior, sen máis, será anulada a adxudicación e pasará ao ofertante seguinte.

8.- Perfección e formalización do contrato

O contrato perfeccionarase coa sinatura por parte do adxudicatario da resolución da alcaldía pola que se adxudica o contrato.

9.- Obrigacións e dereitos

O contratista será responsable dos accidentes, danos de calquera natureza e prexuízos que se causen a terceiros ou ao Municipio, como consecuencia da realización dos traballos obxecto do contrato. A tales efectos, o contratista deberá ter subscritos e en vigor os seguros e as pólizas de responsabilidade civil. Ao adxudicatario esixiráselle que subscriba un seguro de Responsabilidade Civil por un valor de 300.000,00 €, debendo entregar copia do mesmo a este Concello xunto ao resto de documentación.

Este Concello non se fai responsable de calquera anomalía, denuncia ou outras que poidan producirse ou derivarse do xantar popular e que sexan ocasionados por discrepancias da mesma.

Deberá cumprir e facer cumprir durante a execución dos traballos a normativa de Seguridade e Saúde e de Prevención de Riscos Laborais.

O adxudicatario deberá facerse cargo do custo e da instalación das mesas e cadeiras para o desenvolvemento do xantar popular, cun aforo máximo de 250 persoas, que se montarán baixo unha carpa que instalará o Concello de Cabanas, correndo este Concello cos gastos derivados da luz consumida no recinto.

A explotación do xantar popular incluírá tanto o servizo de cociña como o servizo das mesas, debendo dispoñer de persoal adecuado e suficiente para a elaboración do menú e servizo aos comensais que participen no xantar popular.

O persoal adscrito ao contrato deberá dispoñer de formación adecuada para a manipulación de alimentos, así como manter en perfecto estado as instalacións adscritas ao contrato, con rigorosa observancia de tódalas medidas hixiénico sanitarias precisas.

O menú do xantar popular será o seguinte:

- Empanada
- Churrasco e acompañamento
- Pan, bebida, poste e café



O prezo máximo por persoa será de 20,00 euros, estando exentos de pago os nenos e nenas menores de 10 anos.

Deberá sinalar unha dirección de correo electrónico a efecto de notificacións e comunicacións e un teléfono de contacto, onde se practicarán as mesmas.

O contratista terá dereito á explotación do xantar popular das festas de Santa Marta e percibirá dos usuarios o prezo derivado da prestacións realizada.

Non poderán participar na poxa as persoas que sexan debedoras con este Concello, sexa cal fose a débeda contraída, se ao día fixado para a devandita poxa non cancelou as súas débedas.

Se o adxudicatario renunciase á explotación do xantar popular, sexa pola causa que sexa, non se lle devolverá a cantidade depositada, ademais de quedar penalizado para a participación nesta poxa nos próximos 3 anos.

Ao adxudicatario esixiráselle que teña sempre, e en todo momento, en perfectas condicións hixiénico-sanitarias todas as dependencias nas que se desenvolverá o xantar popular.

10.- Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 211 e 313 da LCSP.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de conformidade co disposto no artigo 212.1 da LCSP mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

11.- Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Igualmente, o órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polo contratista durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP.

12.- Xurisdición competente

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos Órganos de Contratación, cuxas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía Contencioso-Administrativa, a tenor da Lei da devandita xurisdición.



13.- Recursos

Os actos de adxudicación poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-administrativa.

ANEXO I: MODELO DE PROPOSICIÓN

D/D^a.....
con domicilio a efecto de notificacións en con D.N.I.
....., número de teléfono, dirección de correo electrónico, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, actuando en nome propio (o en representación de
con D.N.I./N.I.F n°:, con domicilio en

Toma parte no procedemento de contratación para a **“EXPLOTACIÓN XANTAR POPULAR DAS FESTAS DE SANTA MARTA”** e para cuxos efectos fai constar que:

- 1º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como a documentación técnica que o integra.
- 2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas administrativas particulares
- 3º.- Fai constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):
 - a) Non concorre con empresas vinculadas
 - b) Concorre coa/s seguinte/es empresa/s:

Denominación
NIF

4º.- Prezo:

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN

LETRA):

_____ EUROS



5º. DECLARA RESPONSABLEMENTE :

1. Que ten a representación da sociedade que presenta a oferta;
2. Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;
3. Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;
4. Que non esta incurso en prohibición de contratar;
5. De conformidade co disposto no art. 159 e 75.2 LCSP. (**Indicar a opción**):
 5. a. Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades
 5. b. Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades, comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das ditas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.
6. O seu sometemento ao foro español (só no caso de Empresas estranxeiras)
7. Que a empresa á que representa cumpre coas disposicións vixentes en materia laboral e social.
8. Que a empresa á que representa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias impostas polas disposicións vixentes, así como coa Seguridade Social.
9. Que a dirección de correo electrónico habilitada a efecto de notificacións é a seguinte

Data e firma do licitador”

Polo exposto anteriormente, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o inicio do expediente para adxudicación da explotación do xantar popular, que terá lugar nas inmediacións do Piñeiral da Madalena con motivo da celebración das festas de Santa Marta, o día 4 de agosto de 2024.





Segundo. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o procedemento de adxudicación, cun único criterio de adxudicación, factor prezo.

Terceiro. A Unidade de Asistencia Técnica estará constituída por D^a. Irene Suárez López e D^a. Susana Fernández Muiño.

Cuarto. Publicar os Pregos de condicións que rexerán a adxudicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cabanas.

Quinto. Dar traslado da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde, Fernando Couce Rodríguez, en Cabanas, na data que consta á marxe, do que eu, Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).

